



## PUNTO DE INTERCAMBIO DE LIBROS

Estará habilitado un *PUNTO DE INTERCAMBIO DE LIBROS*

- ✓ Podes deixar un libro teu e levar outro dos que estea dispoñible.
- ✓ Antes de deixar un libro, ponlle un adhesivo recordatorio da VII XORNADA DE CLUBS DE LECTURA na que participaches.
- ✓ Revisa se o libro que levas tamén ten o adhesivo.

### Blogues dos clubs de lectura: **LER EN MANCOMÚN**

<http://lerenmancomun.blogspot.com>



### **LIBROS A EITO** (banco de libros)

<http://librosaeito.blogspot.com>



Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>



centro autonómico  
de formación e innovación

<http://www.edu.xunta.es/web/cafi/7>

*Ler, participar, é facer literatura. Ensinade a ler, por favor, ensinade a ler nos libros, no vento, nas pozas dun día de chuvia, no bosque e na luz, ensinade a ler, pídivolo, para que ninguén medre até a idade da avaricia e o desamor.*

Juan Farias



**10.15 h.:**

### **PREMIO DOS CLUBS DE LECTURA 2015 AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ**



Por resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 23 de abril de 2015, establécese o Premio dos Clubs de Lectura que, anualmente, recoñecerá á autora ou autor galego máis lido polos clubs de lectura no curso precedente. Formalizarase o galardón na Xornada dos Clubs de Lectura que cada ano se celebra no final do curso académico, coa participación do profesorado que coordina os clubs de lectura en centros de ensino secundario, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de persoas adultas. O Premio dos Clubs de Lectura 2015 é para Agustín Fernández Paz, o autor galego máis lido polos clubs de lectura no pasado curso 2013/2014.

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947). Perito Industrial Mecánico, Mestre, Licenciado en Ciencias da Educación. Traballou no ámbito do ensino ata o ano 2007. Na actualidade dedícase só á escritura. Foi membro fundador do Colectivo Avantar e de Nova Escola Galega. Pertenceu ao Gabinete de Estudos para a Reforma Educativa. Traballou como Coordinador Docente de Galego. Foi un dos redactores do "Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega" e membro da sección de Lingua do Consello da Cultura Galega. No ano 2008 obtivo o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. No ano 2011 concedéuselle o Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil e Xuvenil polo conxunto da súa obra. Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo.

Como autor de literatura infantil e xuvenil publicou numerosos títulos, a maioría traducidos a diversas linguas: *As flores radioactivas, Contos por palabras, Rapazas, Trece anos de Branca, Cartas de inverno, O centro do labirinto, Cos pés no aire, As fadas verdes, Aire negro, No corazón do bosque, O meu nome é Skywalker, Noite de voraces sombras, A escola dos piratas, Corredores de sombra, O único que queda é o amor, Fantasmas de luz, Non hai noite tan longa, As fronteiras do medo, O rastro que deixamos, A viaxe de Gagarin, A neve interminable...*

**11,45 h.: Mesa de experiencias  
Os clubs na construción da sociedade lectora**

- José María Lores, do IES San Paio (Tui): A "Pedra do acordo" e as lecturas públicas.
- María Sánchez, do IES Allariz (Allariz): Clubs que crean vínculos.
- Carmen Pérez, do IES Lama das Quendas (Chantada): Clubs e comunidade educativa.

Nesta mesa preséntanse experiencias que, no seu conxunto, ofrecen unha visión sobre como os clubs de lectura está a contribuír a estender os hábitos de lectura entre os distintos membros da comunidade educativa; como están axudando a crear vínculos entre rapaces de distintos centros coa mediación dos libros e da lectura e como, en definitiva, están axudando a construír esa sociedade lectora que todos desexaríamos. Trátase, ao tempo, de facilitar unha reflexión sobre o papel que están a xogar os clubs dentro dos centros en relación cos hábitos culturais e como espazos de encontro entre os distintos membros da comunidade escolar.

**13,00 h.: CÉSAR LORENZO GIL  
Os libros e a mediación da lectura en Galicia.  
Unha historia de amor.**



Césa Lorenzo Gil, xornalista, dirixe a revista dixital "Biosbardia. O país dos libros en galego."

Cómpre valorar a situación actual sen alarmismos, falarmos de lectura dun xeito o máis afastado posible do marketing. Qué se le, por qué se le, qué lecturas se difunden e cales pasan desapercibidas.

A lectura é unha historia de amor, un encontro entre unha persoa e un obxecto capaz de acender a imaxinación só a través de tinta, papel e algo de pegamento e fío. Esa relación simple, as máis das veces natural e franca, é a chave dunha forma de ver a vida. É algo máis ca unha afección ou unha vía de coñecemento. A lectura literaria márcanos, deixa unha pegada imborrable. Non só hai feridas de amor, tamén hai feridas de letra, como ben saben os cataláns, que até inventaron unha palabra para nos definir: *llettraferits*.

**18,00 h.: MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ  
Novela negra e cine. Materias de xénero.**

Actualmente, a novela negra regresa ao espírito das súas seus orixes, nos primeiros anos do século XX, cando nace nos Estados Unidos como xénero ao abeiro da importante crise económica-social derivada da Primeira Guerra Mundial e máis o posterior "crack" de 1929. Ao seu desenvolvemento axudou a industria de Hollywood, adaptando aquelas tramas e dando orixe a un novo xénero no territorio do drama, o chamado cine negro, tamén thriller, sobre todo desde a produtora Warner Bros. Baixo a coartada de mergullarse no lado escuro da alma humana, os autores comezaron a fixar igualmente o marco ambiental dunha sociedade de variados matices, consolidándose ao longo do século XX como xénero literario evolucionado desde as novelas de edición sinxela e custe baixo ("pulp"), ata un xénero respectado e respectable, xa plenamente consolidado.

Desde os anos setenta para acá, sobre todo desde Europa (velái autores actuais como Petros Márkaris, Fred Vargas, Andrea Camilleri, Henning Mankell, Donna Leon...), comezou a darse unha interesante viraxe cara a novela negra como testemuña da realidade do noso tempo, sen excluír a denuncia social. Tamén está comezando a consolidarse en América Latina (caso, sobre todo, de México). Mesmo en Galicia, desde o vieiro fundacional iniciado por Xosé Fernández Ferreiro e Carlos Reigosa, nos primeiros anos oitenta.

A novela negra actual, mesmo en moitos casos sen renunciar aos vimbios paródicos ou mitómanos, que gardan unha forte relación co cine, é a canle máis útil para introducir nas intrigas e no suspense, reflexións arredor da sociedade actual e as súas lacras, as máis das veces tirando dun personaxe, entre quixotesco e romántico, que tentará mudar as cousas en base a uns peculiares códigos de ética e de moral, que, aínda así, non poderá renunciar á violencia, sexa física ou emocional, para o seu fin. O cine actual camiña na mesma dirección. En ambos casos, no cine como na literatura, o xénero negro mudou dun papel secundario, moitas veces infravalorado, cando non desprezado (no caso da literatura, cualificándoo como menor ou de consumo...), ata a consideración plena, tanto da crítica como dos lectores e máis dos espectadores.

**16,00h.: Temáticas, actividades,  
inquietudes e propostas**

(Reunións por eixos temáticos e interese dos asistentes)

Sala Moderador/a	Tema	Contido
<b>Auditorio</b> Eva Teijeiro. IES de Quiroga (Quiroga)	<b>Visitas, encontros e roteiros literarios</b>	Vantaxes, inconvenientes, utilidade e fórmulas diferentes para a planificación de visitas, encontros e roteiros literarios no contexto dos clubs de lectura. Presenza da lectura nestas actividades.
<b>Sala 5</b> Max.80 persoas M <sup>a</sup> Dolores Martínez IES Poeta Añón (Outes)	<b>Librarías e feiras do libro</b>	A visita de librarías e feiras do libro contribúe ofrece ocasións para o encontro coa lectura creando vínculos afectivos coa cultura do libro. Esta actividade permite, así mesmo, compensar desigualdades dende o momento en que facilitan o contacto con axentes difusores de cultura á rapazada lectora procedente de entornos non urbanos.
<b>Sala 11</b> max. 50 persoas Marta Díaz CPI San Sadurniño (San Sadurniño)	<b>Á procura de lectoras e de lectores</b>	As persoas mediadoras están a poñer en marcha distintas fórmulas para atraer á rapazada á lectura, mesmo a aqueles que nunca se viviron como lectores e desenvolveron resistencias á lectura por diversas causas. Trátase de compartir estas fórmulas e reflexionar sobre elas, valorando resultados e posibilidades.
<b>Sala 17</b> max. 50 persoas Laura Fernández IES de Catabois (Ferrol)	<b>Clubs de lectura con persoas adultas</b>	Un 26% dos clubs de lectura contan cun grupo de lectura de adultos (profesorado, familias, persoal non docente...). Trátase de compartir experiencias e propostas, así como de extraer conclusións sobre a pertinencia destes grupos de lectura.
<b>Sala 203</b> Max. 64 persoas Mercedes Queixas CPI Alcalde Xosé Pichel (Coristanco)	<b>Clubs e linguas</b>	Existen grupos de lectura en inglés, portugués, francés, italiano... A lectura en castelán está garantida e a lectura en galego busca o seu espazo. O panorama é rico e complexo a un tempo. Cómpre unha reflexión sobre o papel das persoas mediadoras á hora de incentivar a lectura e potenciar, á vez, a normalización da lingua.



Mestre, historiador e profesor asociado de Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo. A súa tese de doutoramento céntrase na relación dos escritores galegos co cine durante o franquismo. Crítico de cine e televisión en *La Voz de Galicia* e director e colaborador do espazo *Diario cultural* (Radio Galega). Membro da Sección de Lingua, Literatura e Comunicación do *Consello da Cultura Galega*.

Como escritor de ficción en galego, é autor da serie policial protagonizada polo detective Frank Soutelo, formada por *Un nicho para Marilyn* (Premio de Novela García Barros, 2002), *Un luar no inferno* (2006), *Tres disparos e dous friames* (2008), *Lume de cobiza* (2011), e *Bicame*, Frank (2013), publicadas na editorial Galaxia.

Tamén escribiu *O sabre do francés* (Galaxia, 2002), *Capitol, última sesión* (Galaxia, 2004), *O sangue dos Cortiña* (A Nosa Terra, 2004) e *O espido de Gina* (Galaxia, 2014)